

NOTA DE PRENSA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia celebra o Curso-obradoiro “Aplicación, corrección e interpretación do test psicotécnico WNV, Escala non verbal de aptitude intelectual de Wechsler”.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2012.- O vindeiro 18 de decembro ás 17.00 horas celebrarase na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia o Curso-obradoiro “Aplicación, corrección e interpretación do test psicotécnico WNV, Escala non verbal de aptitude intelectual de Wechsler”. É organizado en colaboración con Pearson Clinical & Talent Assessment España, empresa dedicada á publicación de ferramentas de avaliación psiquiátrica e psicolóxica, e Psicofundación, Fundación para promover o desenvolvemento científico e profesional da psicoloxía do ámbito español creada polo Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos. Será impartido por **Ana Hernández Fernández**, Psicóloga do Departamento de I+D de Pearson Clinical & Talent Assessment España.

Este test está adaptado á poboación española. A proba WNV é un instrumento do ámbito da psicoloxía de aplicación individual que permite avaliar o funcionamento cognitivo xeral a partir dunha aplicación non verbal en nenos e nenas, adolescentes e persoas adultas de 5 a 21 anos, abarcando todo o período educativo. Convértese así nunha ferramenta ideal para avaliar eficazmente a grupos de poboación con dificultades na comunicación verbal, como poden ser os trastornos de linguaxe ou de fala, trastornos de audición, trastornos de desenvolvemento, atraso mental moderado, trastorno do espectro autista ou mutismo selectivo. Trátase dunha escala de intelixencia de Wechsler sen contido verbal, que ofrece a posibilidade de aplicar unha versión curta ou de “screening” para valorar a necesidade dunha exploración máis profunda. O material que se utiliza presenta un aspecto lúdico, de tal maneira que a aplicación das probas resulte máis motivadora e interesante para a persoa avaliada.

Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983
www.copgalicia.es
copgalicia@cop.es